
**NUMAX
NA ESCOLA**

TÓDAS MULLERES QUE CONEZO

[Xiana do Teixeiro, 2018]

**UNIDADE
DIDACTICA#05**

Tódalas mulleres que coñezo



Dar a palabra, compartir vivencias, visualizar a desigualdade, pórllle cara ao medo... Estas son só algunhas das inxedanzas que moveron a directora lucense Xiana do Texeiro a realizar *Tódalas mulleres que coñezo*, un documental pioneiro, en Galicia e no resto do Estado, á hora de levar á pantalla de maneira directa un dos grandes problemas do noso tempo: a violencia de xénero e a percepción de inseguridade das mulleres na rúa.

Para reflexionar sobre este urxente problema social, Do Teixeiro decide dispoñer tres escenarios propicios nos que, nunha contorna libre e libre e sen prexuízos, mulleres de diferentes idades e condición social relatan as súas vivencias e percepcións sobre unha cuestión que senten como cotiá: a violencia por cuestión de xénero. Logo dun fermoso prólogo no que sentimos a cantante afrodescendente Nina Simone definir a liberdade como o sentimento de vivir sen medo, accedemos directamente ao primeiro segmento, que se alongará ata aproximadamente a metade

de fita. Nela vemos un grupo de mozas a falar na praza dunha vila galega, rindo, acompañándose, tomando unhas cervexas. O contexto é coñecido; porén, o contido pode non ser o máis habitual. As cinco rapazas comparten diferentes vivencias no espazo público nas que se teñen sentido incómodas, temerosas ou directamente agredidas polo simple feito de seren mulleres. A propia conversa semella fortalecer cadansúa postura de maneira que os relatos, que nun inicio parten da constatación dunha fragilidade, viaxan aos poucos cara á busca de explicacións e solucións. O *apoderamento*, palabra que sentimos en máis dunha ocasión na conversa, tamén se constrúe coa palabra. Asumir e afrontar un problema adoita ser o mellor camiño para empezar a superalo.

O segundo episodio, máis breve, reúne mulleres de diferentes xeracións que afondan na importancia da transmisión de valores e a educación en igualdade. A sobreexposición mediática, o medo como mecanismo de control ou as diferentes percepcións no tocante á xestión dos corpos na esfera pública, son algúns dos asuntos sobre os que aprenderemos da man deste colectivo, no que as diferentes posturas entre xeracións, a de nais e avoas ao carón de fillas e netas, ofrecerán un fresco sociolóxico en clave de xénero de grande interese.

De súpeto, no treito final, vemos como un grupo de adolescentes observa nunha pantalla as palabras e os rostros que protagonizan o segundo treito do filme. Axiña nos decatamos de que o terceiro segmento de *Tódalas mulleres que coñezo* está gravado nun instituto de secundaria, o IES As Lagoas de Ourense, e toma como referencia os relatos e reflexións que acabamos de compartir. Neste treito a aula funciona como escenario, como lugar esencial no que cobran sentido todos os debates arredor da educación en igualdade, o rexeitamento de calquera tipo de violencia de xénero e a igualdade de oportunidades. Mozos e mozas relatan, en moitos casos por vez primeira diante do seu grupo de compañeiros e compañeiras, situacións persoais acontecidas en diferentes contextos da contorna social nas que se teñen visto en risco.

O propio feito de compartir experiencias e ideas, de que os rapaces da aula vexan e escoiten a afouteza das súas compañeiras, parece a mellor das aprendizaxes. Esta escena, seguramente inédita na maior parte dos centros de ensino, pode funcionar como modelo, un espello no que replicar, en cada centro educativo, unha necesaria reflexión colectiva que nos guíe cara a unha verdadeira igualdade.

A directora


Se algo caracteriza o traballo da cineasta lucense Xiana do Teixeiro (1982) é a súa indagación na esfera íntima como reflexo de condicionamentos colectivos. A célebre sentenza «o persoal é político», de grande influencia nos movementos de protesta estudantis e na propia loita feminista, acada un pouso moi especial na obra de Teixeiro, nunha constante reflexión sobre a identidade e a construción do xénero así como unha descentralización da idea da natureza.

Tras estudar xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela, Xiana do Teixeiro completa estudos na Universitat Autònoma de Barcelona, onde se especializa en cinema de autor, onde se especializa en cinema de autor, documental e vídeo experimental. O seu traballo artístico iníciase no campo da música como creadora e produtora musical (Ta!, The Adaptation Dance) e moi cedo, en 2008, funda a súa propia produtora, Walkie Talkie Films. Baixo este paraugas creativo a directora desenvolve un traballo multidisciplinario que vai desde o documental televisivo *-Queimar o monte* (2012)- á investigación artística sobre a experiencia feminina a través dos diarios *-A experiencia do diario íntimo adolescente-*. Xiana dáse a coñecer en festivais de curtametraxes con *Somos plaga* (2017) e *Somos cámara*

(2016), audaces reflexións sobre o hábito humano de fundamentar a experiencia no sometemento doutras especies ou no rexistro compulsivo do real.

Porén, será con *Tódalas mulleres que coñezo* cando a cineasta se dea a coñecer ante crítica e festivais de todo o Estado, competindo na Sección Oficial de Málaga e acadando premios en DocumentaMadrid (Screenly), Primavera do Cine de Vigo (Premio do público e mellor filme galego), ou Alcances (Premio do público e DOCMA). O filme chega tamén ás salas e proxéctase en espazos e programas educativos, onde suscita o diálogo e o debate entre o alumnado.

A obra de Xiana do Teixeiro, que atopa no xénero un dos seus elementos transversais, sitúase como punta de lanza dun grupo de directoras mozas que reclaman o seu lugar na talentosa xeración do Novo Cinema Galego. Cara a 2016, a creadora viguesa Xisela Franco e a produtora guardesa Belí Martínez organizaban unha serie de xornadas e espazos de proxección e debate baixo o nome de *Cinema e muller*. Este espazo de encontro, ademais de visibilizar as obras de autoras como Peque Varela, Sonia Méndez, Diana Toucedo, Carla Andrade, Margarita Ledo, Jaione Camborda ou a propia Xiana



do Teixeiro, viña a lembrarnos a dobre dificultade que atopan na súa traxectoria, como galegas e como mulleres.

Afortunadamente, son cada vez máis as directoras que acadan o seu merecido recoñecemento nos festivais internacionais chegando en moitas ocasións a estrearse en pantalla grande. Ese é o caso de Diana Toucedo cuxa reflexión sobre o despoboamento do rural en *Trinta lumes* chegou ás salas tras gañar multitude de premios en festivais (Premio da Crítica no Cinema D'Autor de Barcelona, Premio Días de Cine en Filmadrid, Premio do Público en Novos Cinemas), Jaione Camborda coa misteriosa *Aríma*, gravada en Mondoñedo e premiada en Sevilla, ou Margarita Ledo e a súa *Nación*, premiada á Mellor dirección na mesma capital hispalense. Estes son só algúns exemplos da talentosa fornada de directoras que, de certo, marcarán o paso nos vindeiros anos e décadas na creación de imaxes en movemento en Galicia.

Obxectivos e metodoloxía



Nina Simone ou xénero como medio de expresión. Aproximar o alumnado a algunhas das creadoras máis combativas ao longo da historia da música na reivindicación dos dereitos da muller.



Glosario de termos feministas. A partir dalgúns exemplos detectados na obra, afondar en conceptos e termos fundamentais para entender a situación da muller na nosa sociedade.



Variante dialectais do galego. Detectar, a partir da fala das rapazas lucenses no inicio do filme, os trazos específicos na fala do galego segundo a área xeográfica de procedencia.



A produción da cor. Análise das implicación no uso da cor e o branco e negro e exercicio práctico sobre as súas posibilidades creativas.




Informar ou atemorizar. Analizar o tratamento mediático da violencia de xénero e os seus efectos sobre a percepción deste problema na poboación.

Metodoloxía

A presente unidade didáctica vólvese de moitos diferentes soportes e ferramentas para fomentar a educación en igualdade.

Tentarase en todo momento aproximar a realidade da **violencia de xénero cotiá ao alumnado** para que tome conciencia dunha maneira activa. Promoverase un **achegamento crítico á industria publicitaria e do entretemento**, repasando en subtextos narrativos ou analizando os contidos das súas letras. Ao mesmo tempo potenciarase o **desenvolvemento da lingua inglesa no plano oral, como lido e escrito**, o que fornecerá dunha ferramenta indispensable para poder analizar e valorar as mensaxes dos media que, adoito, chegan en linguas anglosaxoas.

Combinarase o traballo individual para a procura na rede ou a documentación arredor das distintas cuestións abordadas, co traballo en grupo, especialmente fértil na produción audiovisual. **O debate e o intercambio de ideas, que o propio filme suxire na súa última parte**, será un dos obxectivos principais, unha conversa que deberá ser moderada polo profesorado pero tentando en todo momento que cada alumno ou alumna poida expresarse con liberdade sobre un tema que nos atinxe a todas.



NON TER MEDO!



Tódalas mulleres que coñezo arranca cunha emocionante reflexión da cantante afroamericana Nina Simone:

—*Que é para ti ser libre Nina?*

—Ser libre? É unha sensación. É como explicar que se sente ao namorar. Como explicarllo a alguén que nunca namorou? É imposible. Podes describilo... Pero non explicalo. Pero cando pasa, sábelo. A iso me refiro con ser libre. Un par de veces actuando sentíndome libre de verdade... E non hai nada igual. Nada! Sabes o que é para min ser libre? Non ter medo!

Como vemos, as respostas de Simone encaixan como anel ao dedo na reflexión proposta polo filme sobre a percepción do medo no espazo público e a necesidade dunha liberdade real. A partir deste exemplo buscaremos outros na historia da música no que mulleres afoutas empregasen o micrófono como altafalante de tan xusta reivindicación. Aproveitaremos que a maior parte delas cantan en inglés para desenvolver as destrezas do alumnado nesta lingua, tanto no plano da escoita (*Listening*) como de tradución (*Reading*). Buscaremos exemplos célebres que, a través de youtube, permitan a súa reprodución con e sen subtítulado:

Nina Simone

FOUR WOMEN

Nesta emocionante canción, Nina fala sobre os arquetipos cos que habitualmente se definen as mulleres

negras, que se rebelan contra a dobre discriminación que sofren por cuestión de raza e xénero. O corpo como campo de batalla.

🔊 https://www.youtube.com/watch?v=EWWqx_KeoIU

Dolly Parton

JUST BECAUSE I'M A WOMAN

A raíña do country, célebre por *hits* como *Jolene*, foi unha das primeiras solistas mulleres en acadar un oco nun xénero musical eminentemente masculinizado, e introduciu nos seus éxitos numerosas letras que levaban a concienciar sobre o desleixo co que as mulleres eran tratadas na cultura popular.

🔊 <https://www.youtube.com/watch?v=adiVb7QhtuE>

Yoko Ono

SISTERS, O SISTERS

A célebre artista e música xaponesa, incluíu nos seus discos, en solitario ou xunto á súa parella e ex-*beatle* John Lennon, non poucas alusións á necesidade de unión na loita de todas as mulleres do planeta. Esta reivindicación faise explícita en *Sisters, O Sisters*, convertida xa en himno feminista.

🔊 <https://www.youtube.com/watch?v=LAOWhoNwAHU>



Helen Reddy

I'M WOMAN

A actriz e cantante pop australiana Helen Reddy pasará á historia polo seu *I'm Woman*, gravado en 1972 que axiña se convertería no himno oficial do Día Internacional da Muller. As súas últimas frases non deixan lugar a dúbidas: «*I am woman / I am invincible / I am strong / I am woman*»

🔊 <https://www.youtube.com/watch?v=rptW7zOPX2E>

Beyoncé

IF I WERE A BOY

Non é noticia que Beyoncé, feminista declarada, introduza debates de xénero nos seus éxitos. Neste caso a letra é tan elocuente como o videoclip (🔊 <https://www.youtube.com/watch?v=AWpsOqh8q0M>) no que un home e unha muller intercambian roles e vemos de que maneira se valoran socialmente certas accións ou traballos dependendo de quen os realice.

NON TER MEDO!



ACTIVIDADE 1

Q Dividimos a aula en 5 grupos, un por cada tema musical, e encargámoslles que procuren as letras de cada peza en inglés orixinal. Tras unha primeira tradución ao galego, deberán xustificar en grupo por que cren que son considerados importantes no movemento a prol dos dereitos da muller e se pensan que o seu contido segue a ter vixencia hoxe en día.



ACTIVIDADE 2

Q Busca na rede algún exemplo de artista ou canción actual, que escoites no teu día a día, no que se poñan enriba da mesa cuestións de xénero. Compárteo e explica ante a aula o seu contido.



GLOSARIO FEMINISTA



Ao longo da metraxa de *Tódalas mulleres que coñezo* escoitamos unha serie de termos, hoxe estendidos e maioritariamente coñecidos e aceptados, que até hai ben poucos anos ficaba reducido a círculos de militancia feminista. Palabras como «apoderamento», «círculo de protección», ou «patriarcado» parecen claves hoxe en día para definir os diversos mecanismos que seguen a invisualizar as inxustizas de xénero. As palabras, ademais de facilitar a comunicación, visualizan situacións e problemas que, en moitos casos, non son tidas en conta. Cómpre por tanto, armarse de palabras novas para solucionar desigualdades que, sen ser novas, nunca foron axeitadamente confrontadas. Propoñemos a continuación un glosario en clave de xénero do que poida botar man o alumnado, conceptos presentes de maneira literal ou alusiva no documental de Xiana do Teixeiro:

Sororidade: O apoio mutuo das mulleres para lograr o poderío de todas. A día de hoxe non figura no dicionario da RAE a pesar do seu estendido uso.

Cousificación: Tratar as mulleres



como obxectos e reducilas a atributos sexuais e beleza física sen ter en conta a súa personalidade e existencia como persoa.

Micromachismo: Refírese ás actitudes machistas de baixa intensidade que se dan no día

a día e definen as relacións desiguais entre xéneros.

Apoderamento: Toma de conciencia do poder que persoal e colectivamente ostentan as mulleres.

Feminicidio: Asasinato dunha muller por razón de xénero, unha lacra social que mata cada ano en España máis de medio cento de mulleres.

Mansplaining: Anglicismo que se dá cando un home lle explica algo a unha muller de xeito condescendente, dando por feito que sabe máis ca ela.

Fenda salarial: Diferenza na percepción do salario que reciben homes e mulleres. Calcúlase que hoxe en día en España unha muller cobra un 18,8 % menos de media facendo exactamente o mesmo.

Teito de cristal: Limitación non explícita que experimentan as mulleres para ascender laboralmente ou no interior das organizacións.

Patriarcado: Sistema sociopolítico no que o xénero masculino e a heterosexualidade teñen a supremacía sobre outros xéneros ou orientacións sexuais.

ACTIVIDADE 1

Sen consultar a rede ou o dicionario pedirémolles ao alumnado que defina coas súas propias palabras cada un deses conceptos. A continuación pedirémolles que o contraste coa definición aquí proposta. Que diferenzas atopas? Cres que son conceptos que fan referencia a situacións presentes na nosa contorna social? Podes poñer un exemplo dalgunha das situacións aludidas por estes termos que atopas no teu día a día?

ACTIVIDADE 2

Dividiremos a aula en grupos e pedirémolles que procuren noticias xornalísticas, anuncios publicitarios ou exemplos nalgún outro soporte que exemplifiquen cada unha destas palabras.



Tanto a directora de *Tódalas mulleres que coñezo* como o seu grupo de amigas e compañeiras son naturais de Lugo e iso percíbese, se escoitamos con atención, nos trazos dialectais da súa fala. A pronuncia do plural elidindo o 'n' final —«camiós» en lugar de «camións», a forma «tu», en lugar de «ti», «muíto» en lugar de «moito», ou expresións de difícil tradución como «*madia leva*» remiten directamente á área lingüística do chamado bloque central e, dentro dela, á área lucense.

Aínda que a lingua non é o tema central do filme de Xiana do Teixeiro, o seu rexistro documental permítenos acceder a unha diversidade fonética e lingüística á que o galego habitual das series e informativos da televisión e mesmo o cinema de ficción máis convencional non adoita chegar. Collendo estes exemplos convén recordar que o galego, aínda que conta cunha normativa común a todo o territorio, ten tres grandes bloques lingüísticos: o bloque occidental, o central e o oriental. Aínda que o galego escrito presenta unha normativa única que cómpre seguir é perfectamente lexítimo e mesmo saudable en termos de diversidade que se preserven os trazos específicos de cada área. Por poñer un exemplo práctico,

unha persoa de Carballo, outra de Lugo e unha da Fonsagrada deberán escribir o plural das palabras rematadas en 'n' con 'ns', por exemplo «canciós». Porén, a primeira delas pronunciará «*canciós*», a segunda «*canciós*» e a terceira «*canciois*».

Aquí chegamos ao concepto da *isoglosa*, que fai referencia aos puntos do mapa nos que se detecta un mesmo fenómeno lingüístico e que en moitas ocasións é transversal ás áreas e pode ocupar máis dunha delas. Elementos como a gheada e o seseo, asociados fundamentalmente ao bloque occidental poden atoparse tamén no central, a segunda persoa do pronome persoal será «tu» no bloque central, mais tamén no oriental, ou casos de extrema heteroxeneidade como as variantes de palabra «moito», que van desde o «muíto» a «muto» e «mutio» sen obedecer a un patrón xeográfico homoxéneo.






ACTIVIDADE 1

Q Poñemos en práctica a diversidade lingüística do galego e achegámoslla á realidade do propio alumnado. Pedirémolles en primeiro lugar que sitúe a variante da zona na que vive entre os tres grandes bloques. Dentro del, deberá buscar a área lingüística correspondente e pedímoslle que sinala 2 ou exemplos concretos que sexan distintivos. Como referencia podemos tomar a seguinte clasificación de áreas do galego.

ACTIVIDADE 2

Q Armado cunha gravadora de audio deberá rexistrar frases reais con estes ou outros trazos dialectais propios da zona na que vive. Pode ser de especial interese rexistrar a fala dalgũa persoa maior, por atesourar léxico ou formas gramaticais en desuso que cumpra preservar. Presentaranse os resultados na aula para comparar e detectar puntos en común na fala da área xeográfica en cuestión.



FAISE CAMIÑO AO FALAR



Na segunda das conversas de *Tódalas mulleres que coñezo*, a única na que interveñen nais, escoitamos unha declaración reveladora. Unha das participantes indica que non ten medo pola súa filla, á que educou na conciencia de xénero e a necesidade de loita e defensa dos seus dereitos, senón na educación do seu fillo. A muller confesa que sería quen de acompañar a súa filla en caso de sufrir unha agresión pero que lle sería máis difícil comprender e acompañar un fillo agresor.

O dilema presentado pola muller debe levarnos a abrir o foco. É habitual centrar a cuestión da violencia de xénero e a inseguridade na rúa nas propias rapazas e mulleres, ás que se lles indica como deben vestir, por que lugares non deben circular en solitario ou como deben reaccionar ante unha hipotética agresión. Porén, emprégase o mesmo tempo e as mesmas forzas en educar aos futuros homes no respecto cara á muller? Faise unha lectura crítica da publicidade e os medios de comunicación na cousificación e sexualización do corpo das mulleres? Promóvense espazos de diálogo entre alumnos e alumnas que permitan, mediante o intercambio, un coñecemento real desta problemática?

É nese aspecto, especialmente no seu terceiro treito, onde o filme de Xiana do Teixeiro resulta especialmente renovador, convidando a mozos e mozas dunha aula de secundaria a reflexionar sobre a xestión dos corpos na rúa e partir de cadansúa experiencia persoal.

Dalgún xeito podemos entender o filme de Xiana do Teixeiro como un proxecto interactivo, cuxo potencial transformador debe continuar fóra da sala de cinema. O debate iniciado pola cineasta no centro de ensino pode -e debe- atopar o seu reflexo en cada un dos centros de ensino nos que se proxecta a fita, funcionando así como ferramenta de cambio real na vida do alumnado.



FAISE CAMIÑO AO FALAR




ACTIVIDADE

Seguindo a estrutura que vimos no filme procuraremos o intercambio de impresións e o debate que será libre, sen que unha opinión sexa a priori máis certa que outra, sempre que se articule desde o respecto. Algunhas guías poden ser as seguintes:

- Q Compartes as percepcións do grupo de amigas da primeira parte do filme?
- Q Sen necesidade de dar nomes, coñeces algún exemplo similar na túa experiencia ou contorna?
- Q Cres que se dedica o suficiente esforzo á hora de concienciar rapaces e rapazas, mozos e mozas na igualdade? Pode ser o inicio da solución do problema?

Q Ademais da agresión ou o acoso, ocórrense outras formas de violencia que estean normalizadas na nosa sociedade? Que opinas da representación habitual da muller no mundo da publicidade? Cres que pode ter algunha incidencia na proliferación de agresións machistas?

Q Nos últimos tempos co establecemento da prisión permanente revisable varios casos de violencia de xénero foron sancionados con esta pena de prisión. Consideras que a solución ao machismo pasa por un endurecemento das penas xudiciais? En que outras esferas sociais cres que se debe avanzar para actuar antes de que se produza a agresión?



VARIACIÓN SOBRE O GRIS



Unha das características máis relevantes no plano visual de *Tódalas mulleres que coñezo* é o uso do branco e negro como escolla cromática durante toda a fita, coa excepción do vídeo inicial de Nina Simone. Aínda que a escolla da cor ou o branco e negro non deixa de ser un recurso máis dentro da paleta de elementos que unha cineasta pode empregar en escena, non deixa de resultar sorprendente e pouco habitual no cinema contemporáneo. Esta elección provocou que nas entrevistas realizadas á directora fose unha cuestión recorrente. Así o xustifica Teixeira:

«Coido que hai unha liña que nos conecta a todas as mulleres. É dicir, este problema, as violencias e o sometemento cara ás mulleres é algo bastante atemporal e eu coido que o branco e negro transmite esta atemporalidade. Unha liña de continuidade entre os tres grupos que aparecen no filme. Este formato tamén ten que ver co feito de que o filme consegue así centrarse no discurso oral e nuns corpos que escoitan. Collen ese discurso, reflexionan, negocian con el e, finalmente, colectivízano»

Seguindo a argumentación da cineasta, o uso do branco e negro nos nosos días adoita ter unha significación temporal,

xa sexa para transmitir esa idea de «atemporalidade» da que nos fala Xiana, ou para retrotraernos ao pasado, ben en forma de *flashback*, ben adoptando a estética do cinema mudo ou primeiros tempos do sonoro. Nese sentido podemos citar obras recentes como *Juha* (1999) do finés Aki Kaurismäki, na que parodia o cinema silente, *Frantz* (2016), de François Ozon, remake dun filme dos anos trinta de Ernst Lubitsch, *Cold War* (2018), ambientado na Polonia soviética, ou *Boa noite e boa sorte* (2005) no que George Clooney nos propón unha viaxe ás ondas dos anos 50. Para outros cineastas o branco e negro serve para poñer en escena as súas propias memorias, como é o caso de *Roma* (2018), de Alfonso Cuarón. Porén, outros cineastas emprégano acotío como un elemento máis do seu estilo e entre eles atopamos algúns dos máis reputados autores contemporáneos. Podemos pensar nos primeiros filmes do cineasta independente Jim Jarmusch, do francés Philippe Garrel ou a obra íntegra do húngaro Béla Tarr, que argumenta así a súa escolla:

«Nun filme en cor, se queres crear a atmosfera axeitada terías que pintar toda a rúa porque cada casa ten a súa cor. Porén, co branco e negro podes ser máis estilístico,

podes manter maior distancia entre filme e realidade, algo que para min é importante»

Vemos por tanto que, alén de cuestións puramente estéticas, a elección do branco e negro no cinema contemporáneo encerra toda unha serie de reflexións que van desde cuestión narrativas e de ambientación histórica ata unha reformulación do proceso perceptivo do espectador. Mesmo nalgúns casos se ten optado por unha opción mixta, coa utilización do branco e negro con determinados elementos en cor para focalizar a atención -como a célebre coloración da nena do abrigo vermello n' *A lista de Schindler* (1993) de Steven Spielberg-. Todas as opcións son posibles, e máis coas facilidades de posprodución que permite a imaxe dixital.

VARIACIONES SOBRE O GRIS



ACTIVIDADE 1

Q Que sentido cres que ten para a cineasta o uso do branco e negro? Cres que en cor tería un impacto diferente? Por que opción te decantarías se foses o director ou a directora? Xustifica a túa resposta.

ACTIVIDADE 2

Q Viches algún filme en branco e negro? Que sensacións che transmitiu a ausencia de cor? Considéralo un recurso estilístico doutro tempo ou coidas que poder ten vixencia hoxe en día? En que casos?

ACTIVIDADE 3

Colle unha cámara de vídeo ou un móbil para facer un pequeno exercicio de filmación. Busca no seu menú onde se atopa a opción de gravación en branco e negro e, unha vez localizada, filma exactamente o mesmo vídeo en dúas versións: branco e negro e cor. Pode ser a gravación dunha paisaxe ou unha pequena escena cos teus compañeiros e compañeiras. Tras compartila e contemplala reflexiona na aula sobre as implicacións que na nosa percepción ten cada unha das escollas.



Juha (Aki Kaurismäki, 1999)



Frantz (François Ozon, 2016)



Cold War (Pawel Pawlikowski, 2018)



O cabalo de Turín (Béla Tarr, 2011)



Boa noite, e boa sorte (George Clooney, 2005)



A lista de Schindler (Steven Spielberg, 1993)

MEDIATIZAR O MEDO



Nos últimos anos tense avanzando moito na visualización social da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións e, en concreto, no máis dramático e palpable de todos, o asasinato de mulleres por cuestión de xénero. Cada vez que isto sucede adoita figurar nos titulares dos telediarios con información adicional de interese como a existencia ou non de denuncias previas do presunto maltratador ou asasino. Esta información, polo xeral respectuosa e anónima, adoita acompañarse do consello de chamar ao 016 en calquera caso de maltrato, unha chamada que non deixa rexistro na factura telefónica.

Porén, en moitos casos, especialmente aqueles cuxas vítimas son xente nova ou pasan un tempo desaparecidas ata que son atopadas, os contidos emitidos polos medios de comunicación ou programas de televisión non adoitan ter o interese xornalístico como valor principal. No propio filme a director recorda o caso das nenas de Alcasser, un terrible crime sucedido do municipio valenciano do mesmo nome que rematou coa vida de

tres adolescentes. O tratamento mediático do asunto, en programas como *¿Quién sabe dónde?* ou *Esta noche cruzamos el Mississippi*, priorizou case sempre o morbo e a mirada sensacionalista fronte ao rigor xornalístico e salientou os detalles máis escabrosos que pouca ou ningunha luz ofrecían sobre o asunto.

Volvendo ao tratamento mediático, é habitual que o enfoque destas informacións poña o énfase nos actos da muller como desencadeante do crime («Outra muller que denunciou morre acoitelada»), que se atenúe ou mesmo xustifique o asasinato («As vagas de calor disparan os crimes por razón de xénero») e despersonalicen («A violencia de xénero cobra dúas vidas en 24 horas»), e que se perda a noción básica de que se trata do asasinato dun home contra unha muller.

Sucesos máis recentes como a violación en grupo da Manada ou o asasinato de Diana Quer volveron actualizar un debate ao que non escapan as reflexión de *Tódalas mulleres que coñezo*. A sensación de inseguridade e medo que

poden sentir mozas e mulleres na rúa vese ampliado polo altofalante mediático que, en ocasións, pode ser paralizador. Son varias as mulleres no documental que din negarse a que o medo as prive de moverse, vestir unha determinada roupa ou camiñar pola rúa a certas horas. Estas mulleres consideran o medo como un mecanismo de control destinado a paralizar e dominar as súas vidas.

MEDIATIZAR O MEDO



ACTIVIDADE 1

Q Coñeces algún caso mediático recente no que o tratamento dos medios de comunicación puxese o sensacionalismo por diante da información veraz? Procura algún caso na rede, compárteo e propón algunha mellora concreta na súa redacción.

ACTIVIDADE 2

Q Consideras que é necesario informar das circunstancias que rodean as agresións de xénero para facer visible o problema? En que sentido? Cres que pode ser de utilidade para que a outras mozas ou mulleres non lles suceda?

Q Pensas que a proliferación destas informacións pode ser un mecanismo de control sobre os movementos das mulleres? En que casos?

Q Estas cuestións, que seguramente non admitan unha afirmación ou negación rotunda, compartiranse na aula e, se así o desexa o alumnado, poderá acompañarse da percepción ou experiencias persoais de mozas e mozas, emulando o terceiro segmento do documental de Xiana do Texeiro.



NOVAS CINEASTAS GALEGAS

Viaxamos a través das miradas, os rostros e as imaxes dalgúñas das principais creadoras do cinema galego. Cineastas talentosas cuxa mirada, personaxes e temáticas abren o noso audiovisual a unha moi necesaria diversidade.



1977
(Peque Varela, 2007)



Plan Rosebud
(María Ruído, 2008)



Arima
(Jaione Camborda, 2019)




Tralas luces
(Sandra Sánchez, 2011)



A illa das mentiras
(Paula Cons, 2020)



A estación violenta
(Anxos Fazáns, 2017)



Trinta lumes
(Diana Toucedo, 2017)



Nación
(Margarita Ledo Andión, 2020)



📌 *Tódalas mulleres que coñezo* é un documental participativo desde os propios espectadores, que non poden ser impermeables ao que se escoita. Parte do máis próximo, unha reunión de amigas, un grupo mínimo que se amplía progresivamente nun conxunto de mulleres máis aberto e chega ata a escola cunha vintena de alumnos e alumnas. A idea de seguir ampliándoo desde o mesmo filme; abrir capas para seguir co debate dálle todo o seu valor. Non se trata de recorrer ao tópico do cinema necesario que tanto mencionamos en ocasións. Tampouco ao de imprescindible. É unha longametraxe única; o seu valor está en servir de xerme para a concienciación social. Cunha montaxe áxil, sen distraccións, directa ao interese do que se trata. A captación do son directo pulcro, sen intimidar durante as intervencións. Por medio de conversas naturais, dignificando un método do documental que se bota a perder sobre todo cos faladoiros de televisión, mal chamadas así ao ser simplemente discusións entre falabaratos.

Por Pablo Vázquez Pérez
CINE MALDITO

📌 «O diálogo é unha poderosa ferramenta de aprendizaxe, sobre as demais e sobre ti mesma. Quixen entretecer tres conversas coa idea clara de apelar á audiencia. Ves unha conversa que remata, pero é retomada polo seguinte grupo, cuxa conversa volve rematar e de novo é retomada por outras persoas. Para cando remata a película estableceuse a idea da transversalidade da violencia sexual contra as mulleres na rúa e tamén a posibilidade/necesidade de retomar o debate por parte da persoa espectadora. (...) Decateime de que a violencia cotiá que todas sufrimos, e que percibimos como normal, é continuada na narrativa do terror sexual, o espectáculo das violencias extremas sobre os corpos das mulleres que aparecen nos medios e resoan na escola, na familia, no grupo de amigos. Unha violencia invisualiza outra pero son parte do mesmo mecanismo de control das mulleres, a través dun castigo disciplinario, que pode ser corporal ou simbólico. Falei das miñas dúbidas durante toda a rodaxe co noso equipo, como se ve na película. A dúbida é un lugar interesante dende o que cuestionar e subverter. Neste caso queremos camiñar cara a un discurso propio sobre as nosas experiencias e corpos, do que nos teñen expropiado. Despois

de rematar a película atopeime co acabado de publicar *Microfísica del poder*, de Nerea Barjola (Virus, 2018). Unha análise do aparello narrativo que mantén o relato do terror sexual e con el o status quo machista, imprescindible.»

Xiana do Teixeiro entrevistada
por Montse Dopico
PRAZA.GAL

📌 Intelixente, emotivo e moi preciso. Oxalá se proxectase en todos os colexios.

DÍAS DE CINE

TÓDALAS MULLERES QUE COÑEZO

[Xiana do Teixeiro, 2018]

NUMAX NA ESCOLA #05

escola@numax.org

FICHA TÉCNICA

Tódalas mulleres que coñezo, 2018

Duración: 71 minutos

Idioma orixinal: Galego

Dirección: Xiana do Teixeiro

Guión: Xiana do Teixeiro

Montaxe: Xiana do Teixeiro

Son: Iria Otero, Leticia Fernández

Música: TA!

Fotografía: Belén Mendaña, Noemí Chantada, Xiana do Teixeiro

Produtoras: Walkie Talkie Films (España)

PREMIOS

DocumentaMadrid 2018 (Premio Screenly), Festival Primavera do Cine de Vigo 2018 (Premio do público ao mellor filme galego), Málaga 2018 (Sección oficial), Alcances 2018 (Premio do Público e DOCMA), Cinespaña 2018

MATERIAIS RELACIONADOS

- 📌 Entrevista coa directora durante o Festival de Málaga <https://www.youtube.com/watch?v=ixhsOKd3M6A>
- 📌 Días de Cine «Especial DocumentaMadrid»: <https://www.rtve.es/alacarta/videos/dias-de-cine/documentamadrid-2018/4598423/>
- 📌 Entrevista coa directora e Praza.gal: <https://praza.gal/cultura/a-violencia-cotia-no-espazo-publico-que-todas-sufrimos-e-continuada-na-narrativa-do-terror-sexual>

📖 *Microfísica del poder*, Nerea Barjola (Virus, 2018)

📖 *Antropología del género* (Cátedra, 2006)

📖 *El género en disputa*, Judith Butler (Paidós, 2007)

📖 *El segundo sexo*, Simone de Beauvoir (Cátedra, 2005)

Esta unidade didáctica foi realizada pola cooperativa NUMAX ao abeiro do Fondo de proxectos culturais Xacobeo 2021 da Xunta de Galicia

CONCEPCIÓN E REDACCIÓN
Xan Gómez Viñas (NUMAX na Escola)

DESEÑO GRÁFICO
Laboratorio NUMAX

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal 9, baixo
15702 Santiago de Compostela
TFNO.: 981 560 250 | www.numax.org